

O NOME PROPIO

Dentro dos textos enumerativos a primeira palabra que as nenas e nenos queren recoñecer (ler) e escribir é o seu propio nome. Tamén lles interesan outros nomes importantes para eles: dos pais, dos irmáns, dos compañeiros, dos xoguetes favoritos, dos personaxes de contos,...

A partir dos nomes aprenden:

- ▶ A diferenza entre letras e debuxos.
- ▶ A diferenza entre letras e números.
- ▶ A diferenza entre letras e garabatos.
- ▶ O carácter discreto das letras. As diferenzas entre as distintas letras ou grafías.
- ▶ A orientación esquerda-dereita do nome e da escritura.
- ▶ Que o escrito serve, de verdade, para algo concreto.
- ▶ O repertorio de grafías.
- ▶ O mellor exercicio grafo-motor, ao escribir.
- ▶ Exercicio de memorización ao ler.

Actividades tipo para traballar co nome propio:

- ▶ Buscar a tarxeta do seu nome todos os días nada máis chegar á escola para realizar o rexistro de cantos hai na casa e cantos na escola.
- ▶ Agrupar os nomes das nenas e nenos da clase que comezan pola mesma letra (propiedade cualitativa).
- ▶ Agrupar os nomes das nenas e nenos da clase que teñen o mesmo número de letras (propiedade cuantitativa).
- ▶ Ver cales son os nomes máis longos e os máis curtos.
- ▶ Buscar se hai nomes compostos ou simples.
- ▶ Escribir os nomes das nenas e nenos que están na casa.
- ▶ Pasar lista o encargado de cada día.
- ▶ Escribir sempre o seu nome en todas as actividades que realicen.

- ▶ Comprobar se encerran outras palabras. Por ex. MARCOS – MAR, SUSANA – ANA, et.
- ▶ Compoñer o seu nome con letras móbiles empregando a tarxeta como modelo.
- ▶ Localizar as letras do seu nome en textos que se estean empregando na aula.
- ▶ Localizar o seu nome nos listados das nenas e nenos da aula.
- ▶ Escribir no encerado, cada día, o nome do encargado reflexionando sobre si é curto ou longo, por que letra empeza, por cal remata, cantas ten, que outras palabras comezan igual, et.
- ▶ Asociar os nomes das nenas e nenos da aula as súas correspondentes fotografías.
- ▶ Abrir o ficheiro de personaxes de contos. Estas tarxetas servirán para realizar todas as actividades que se poden desenvolver cos seus nomes pero terán que ser nomes significativos (de contos que están na aula e que se len con certa frecuencia).
- ▶ Et.

O nome propio posibilita que as nenas e nenos teñan un recurso estable de escritura para interactuar libremente con ela. É un bo modelo de escritura porque representa un atributo que só pode representarse graficamente a través da escritura, sendo unha parte moi importante da súa identidade, o que produce unha gran motivación para aprender (carga afectiva).

É unha fonte de información que logo irá xeneralizando a outras escrituras e ofrece un gran repertorio de letras convencionais, que poderá comparar, diferenciar, clasificar,...

A escritura do seu nome e o das compañeiras e compañeiros é unha peza clave para iniciar a comprensión da forma de funcionamento do sistema convencional de escritura.

Para as nenas e nenos, as letras, antes de ter forma, teñen pertenza (*a miña T, a B de Begoña,...*) e despois valor sonoro.

- A primeira actividade que é preciso facer en relación ao nome propio é abrir o ficheiro dos nomes das nenas e nenos da aula. Tarxetas, **sen fotografía nin debuxo**, do mesmo tamaño. É habitual empregar os nomes para identificar o material escolar, rexistrar os que están na escola e os que están na casa, rexistrar os que comen na escola e os que van á casa, gardar os seus traballos,...
- É pertinente que, de xeito habitual, escriban o nome nas súas producións aínda que sexa dun xeito non convencional.